



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 1 DE XUÑO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00023704A.

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00003649N.

Licenza obra maior. |

Concédesse a Alto Residencial Sociedade Cooperativa Galega licenza para o Proxecto básico redactado polos arquitectos Manuel Carbajo Capeans e Celso Barrios Ceide cun orzamento de execución material de 4.019.898,33 euros. O proxecto básico refírese á execución dun edificio de 34 vivendas, prazas de aparcamento e rochos na parcela sita na Rúa Monte de Conxo/Travesía da Poza, parcela M14.2 do SUP6 Santa Marta Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1487/2020.

Licenza obra maior |

Concédesse a D^o FRANCISCO XABIER LIÑARES TUÑEZ, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Túñez, REFORMA DE CUBERTA E REMODELACIÓN INTERIOR DE VIVIENDA situada na Rúa San Pedro 33 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 50.699,87 €.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/63/2020.

Licenza obra maior. |

Concédesse a Dona María Valiño Miranda, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta dona Rosa María Facal Varela, a construción dunha vivenda unifamiliar en planta baixa na Rúa Eira Nova 13A cun orzamento de execución material de 58.860,00 €.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION S/2021/30.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento e de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xaneiro e marzo de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 4.637,44 € relativas a facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento e

subministración para ascensores en dependencias municipais.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION S/2021/42.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por "ISS FACILITY SERVICES, S.A." con CIF núm. A61895371 en concepto de servizo limpeza ordinaria e extraordinaria dos edificios e dependencias municipais e subministración de xel hidroalcohólico correspondente ao mes de marzo de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por 110.666,15 euros.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALIDACION S/2021/27.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes a diferentes períodos entre novembro de 2020 e marzo do ano 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 7.262,03 € en concepto de aluguer, mantemento e consumo de copias en varios departamentos municipais correspondentes a diferentes períodos entre novembro de 2020 e marzo do ano 2021.

8. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 4.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por Arenas Ramírez Francisco, con CIF 05137235 R en concepto de subministración de consumibles de impresión para diversos departamentos correspondente ao mes de abril de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 2.710,33 € en concepto de subministración de consumibles de impresión para diversos departamentos, correspondente ao mes de abril de 2021

9. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/551.

Convalidación da Omisión da Función Interventora e Recoñecemento da Débeda polo Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo urbano correspondente ao mes de xaneiro de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 272.336,59 euros, a favor de CESPAS, S.A., en concepto de "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo urbano correspondente ao mes de XANEIRO de 2021".

10. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/434.

Convalidación da Omisión da Función Interventora e Recoñecemento de Débeda polo Servizo de mantemento do Parque de Salgueiriños correspondente ao mes de xaneiro de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 7.502,00 euros, a favor de COREGAL PARQUES E XARDÍNS S.L., en concepto de "Servizo de mantemento do Parque de Salgueiriños correspondente ao mes de xaneiro de 2021".

11. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00023087F.

Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía |
Acórdase convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión da aprobación previa destes, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal,

de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente; así como autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PATRICIA NÚÑEZ SÁNCHEZ por un importe total de 3.300 euros.

12. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/897.

Convalidación da Omisión da Función Interventora e Recoñecemento de Débeda polo Servizo de mantemento do Parque de Salgueiriños correspondente ao mes de febreiro de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 7.502,00 euros, a favor de COREGAL PARQUES E XARDÍNS S.L., en concepto de “Servizo de mantemento do Parque de Salgueiriños correspondente ao mes de febreiro de 2021”.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: CONVALICACION S/2021/64.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas pola empresa “ACUNTIA, S.A.”, con CIF núm. A80644081, en concepto de servizo de mantemento da rede de datos do concello de Santiago de Compostela correspondentes aos meses de febreiro e marzo de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 8.764,54 de de varias facturas en concepto de servizo de mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela correspondentes aos meses de febreiro e marzo de 2021.

14. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0032.

Aprobación do servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela: compensación pola aplicación da exención das taxas ás familias numerosas no mes de abril de 2021. |

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e a liquidación dos gastos por importe de 2.674,70 € en concepto de compensación á empresa Trobeiro por aplicación da exención de taxas ás familias numerosas do mes de abril de 2021.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/237/2006.

Devolución de fianza de “Servizo de Desratización e Desratonización no termo municipal de Santiago de Compostela “. (Expte . 120/2006. |

Autorízase a devolución das fianzas constituídas pola empresa, ARUMIA, SOCIEDADE LABORAL DE RESPONSABILIDAD LIMITADA, para responder do contrato de “Servizo de Desratización e Desratonización no termo municipal de Santiago de Compostela,” por importe de 1.086,00 euros e fianza complementaria por prórroga do servizo por importe de 29,32 euros.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/142/2010.

Devolución de fianza de “Servizo de desratizacion e desratonización no termo municipal de Santiago 2010 “. (Expte . 189/2010. |

Autorízase devolución da fianza constituída pola empresa, ARUMIA, SL. por importe de 1.166,67 euros para responder do contrato de “Servizo de desratizacion e desratonización no termo municipal de Santiago 2010”.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/88/2012.

Devolución de fianza de “Servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago de Compostela “. (Expte . 7/13) |

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, ARUMIA, SL., por importe de 990,00 euros para responder do contrato de “Servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago de Compostela” . CON/88/2012.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/31/2015.

Devolución de fianza de “Servizo de desratización no termo municipal de Santiago de Compostela “. (Expte . 40/15).

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, ARUMIA, SL., por importe de 1.732,00 euros para responder do contrato de “Servizo de desratización no termo municipal de Santiago de Compostela”. CON/31/2015.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020199V.

Aprobación do gasto e apertura do procedemento de Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local de Santiago de Compostela (CON/73/2020).

Apróbase o expediente denominado subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local de Santiago de Compostela, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 165.289,26 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 34.710,74 euros.

Anualidade 2021: 100.000 euros.

Anualidade 2022: 100.000 euros

20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017747A.

Aprobación do expediente denominado “Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal”.

Apróbase o expediente denominado Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 490.547,70 euros IVE aparte, unha vez completado co certificado de existencia de crédito. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 103.015,02 euros.

21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021385F.

Adxudicar o contrato Subministración dun vehículo autoescaleira para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela a favor da empresa GLOBAL PROJECTS AND SUPPLIES SL.

Adxudícase o contrato de referencia a favor da empresa GLOBAL PROJECTS AND SUPPLIES SL por un importe de 143.950 euros (IVE aparte 21%: 30.229,50 euros), sendo a súa oferta a única presentada. Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Servizo de extinción de incendios e salvamento.

22. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00014930S.

Resolución dos tres recursos de reposición interpostos contra o acordo da XGL do 19.4.2021 de cesión da parcela AS-19 do polígono 6-7 de Fontiñas para a construción e posta en funcionamento do IMELGA.

Resólvense conxuntamente e desestímense os recursos de reposición interpostos contra o acordo da XGL do 19.4.2021 polo que se cede á Comunidade Autónoma de Galicia a parcela dotacional AS-19 do polígono 6-7 do Plan Parcial de Fontiñas (con referencia catastral 8778801NH3487H) para a construción e posta en funcionamento do IMELGA (Instituto de Medicina Legal), por carecer estes de fundamento xurídico. Desestímase, en consecuencia, a petición de suspensión da execución do acto recorrido, por carecer de fundamento xurídico .

23. EXPROPIACIÓNS. Referencia: EXP/16/2015.

Desestimación recurso de reposición

Desestímase o recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 15/03/21 relativo á pretendida corrección de erros materiais do Expediente de Expropiación para execución do Plan especial 7R de Protección e acondicionamento do Parque arqueolóxico da Rocha ao non ter encaixe no previsto no Art. 109 da Lei 39/2015.

24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020328P.

Iniciación de procedemento, aprobación da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2021/2022. |

Apróbase a convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2021/2022 e que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Apróbase o gasto polo importe destinado a esta convocatoria, que é de 651.000,00 €,

25. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0033.

Proposta de membros do Xurado do XIV Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados. |

Apróbanse os membros do xurado do XIV Premio Internacional de Álbums Ilustrados 2021, segundo os criterios de traxectoria profesional no mundo da ilustración, do deseño e da literatura infantil e xuvenil, que son os seguintes:

PRESIDENTE:

D Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde do Concello de Santiago de Compostela e por delegación, D. Rubén Prol Mariño, Concelleiro-Delegado de Educación.

VOGAIS:

Javier Serrano

Rebeca Luciani

Lola Gallardo

Xosé Cobas Gómez

Manuela Rodríguez Lorenzo

SECRETARIA DO PREMIO:

Beatriz Varela Morales, directora do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

26. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0031.

Aprobación das listaxes definitivas de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2021-2022. |

Apróbase a relación definitiva de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais para o curso 2021-2022, na que se inclúen na listaxe de agarda, as familias que obtendo praza, quedan en lista na súa 1ª opción.

Tamén se aproba a listaxe de agarda para o curso 2021-2022 para remitir á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia aos efectos da tramitación do “Bono Concilia”. Nesta listaxe só figuran aquelas familias que, solicitando o “Bono Concilia”, quedaron en listaxe de agarda ao non ter unha praza nunha das tres escolas infantís municipais.

27. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00000677N.

Rectificación do acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do día 16.11.2020. |

Rectifícase o acordo adoptado pola Xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 16.11.2020 de tal xeito que a actividade das casetas da Praza de Abastos números CE5 e CE6 sexa a venda de textís, confeccións e complementos.

28. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00024043C.

Proposta da Alcaldía para o nomeamento de conselleiros na Sociedade para a Promoción

de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.-UNINOVA |
Desígnase como conselleiros no consello de administración da SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L.-UNINOVA das seguintes persoas:

- Os concelleiros Dona Mercedes Rosón Ferreiro e Don Gumersindo Guinarte Cabada.
- O Director da Asesoría Xurídica Don Manuel Cutrín Domínguez.
- A funcionaria economista adscrita á Área de promoción económica Dona Carme Casado Casado.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00021784S.

Dación de conta á XGL da sentenza núm. 135/2021, recaída no procedemento PA 225/2019 CA1. |

Tómase coñecemento da sentenza nº 135/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 contra desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos materiais en local. A sentenza é favorable aos intereses municipais xa que acolle os argumentos invocados pola defensa do concello relativos á falta de acreditación da relación de causalidade entre a inundación do local e o mantemento da rede de sumidoiro e a referida á ausencia de inundación dos locais próximos que están á mesma cota, con imposición das custas ao reclamante cun máximo de 400 euros. Contra dita sentenza non cabe recurso.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00021107M.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 14/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.2 de Vigo |

Tómase coñecemento da sentenza sobre unha sanción de multa de 300 euros e retirada de 2 puntos do carné de conducir por infracción consistente en circular a 77 km/h sendo o límite da vía de 50 km/h. A sentenza desestima o recurso contencioso-administrativo e confirma a sanción imposta, sen condena ao aboamento das custas procesuais.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00022634Z.

Dación de conta do Auto núm. 100/2021 recaído no Procedemento Abreviado 73/2020 ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 |

Tómase coñecemento do auto sobre resolución desestimatoria presunta sobre responsabilidade patrimonial. O auto é favorable aos intereses municipais xa que homologa o acordo acadado entre a actora e a aseguradora coa autorización do concello prevista para o efecto no artigo 77.1 da LXCA.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00022327Y.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PO 4039/2020 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia |

Tómase coñecemento da sentenza relativa ao acordo plenario 19.12.2019 polo que se suspenden os procedementos de autorizacións de novos usos de aloxamento temporal, dentro da modificación do PXOM. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00022475Q.

Dación de conta da sentenza núm. 160/2021 CA2 recaída no procedemento PO 193/2020 CA2. |

Tómase coñecemento da sentenza sobre responsabilidade patrimonial pola paralización do SUNP-38. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00022351F.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no recurso de apelación 4009/2021-PO 268/2019 CA2 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. |

Tómase coñecemento da sentenza. Obxecto: Decreto 02.05.2019 polo que se levanta a suspensión da tramitación do expediente de ruína do inmovible “Lavacolla 40”, declárase o seu estado de ruína, e autorízase a súa derruba parcial (dos elementos non catalogados). A sentenza, confirmatoria da ditada en instancia, é favorable para o Concello, recorrible en casación.

38. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00022324A.

Dación a Xunta de Goberno de sentenza recaída no AP 4035/2021 TSX do PO 298/2018 CA 2 |

Tómase coñecemento da sentenza. Obxecto: requirimento regularización para o paso de camións á canteira de Miramontes. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación. O fallo do TSX ven de confirmar a sentenza ditada en primeira instancia, que declarou que a excepción de tránsito para camións de gran tonelaxe outorgada a ARIDOS CNC en 1991, non amparaba o paso de camións das demandantes.

40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00022396Y.

Dación de conta da sentenza núm. 267/2021 recaída no procedemento AP 4039/2021 TSXG do PO 159/2019 CA2. |

Tómase coñecemento da sentenza. Obxecto: Decreto 05.02.2019 polo que se suspende a tramitación do expediente de ruína do inmovible “Lavacolla 40”, e mesmo impúgnase o acordo plenario de modificación do catálogo. A sentenza, confirmatoria da ditada en instancia, é favorable para o Concello, recorrible en casación.